

PLAN DIXITAL

IES URBANO LUGRÍS

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

DENOMINACIÓN: Instituto de Educación Secundaria “Urbano Lugrís” de Malpica de Bergantiños.
ENDEREZO: Estrada de Santo Hadrián, S/N 15113 Malpica de Bergatiños.

1.2. TELÉFONOS/FAX: 881.88.07.25/881.880.732

CORREO ELECTRÓNICO: ies.urbanolugris.malpica@edu.xunta.gal

PÁXINA WEB: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesurbanolugrismalpica/>

No IES Urbano Lugrís están autorizadas as ensinanzas da etapa educativa da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

PROFESORADO: No centro traballan 24 profesores, 21 PES e 3 mestres.

ALUMNADO: No presente curso hai unha matrícula de 106 alumnos

Formamos parte do espazo ABALAR con Abalar móbil e de EDIXGAL. Tamén formamos parte de ESCOLAS CONECTADAS.

Ademais neste curso funcionan:

- Cinco CONTRATOS-PROGRAMA, nos catro niveis, 1º, 2º, 3º e 4º de ESO
 - 3 programas do PLAN PROXECTA
 - Un PFPP bianual cun seminario e cinco grupos de traballo
 - Club de lectura de alumnado
 - Club de Ciencias
 - Participación no programa A Ponte
- Intercambio lingüístico en Francés con correspondencia e vídeos en streaming ou videoconferencias. E-Twinning

1.3. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A transformación deste centro de primaria faise no ano 1996 respondeu ás necesidades da vila de utilizar o novo edificio de secundaria construído no centro do pobo para primaria evitando así o traslado en autobús dos máis pequenos. Este centro debe responder a unas necesidades dun instituto de secundaria cunha infraestrutura de primaria. O pequeno tamaño das aulas fai que a ratio sexa de 26 alumnos/as, Non temos salón de actos nin departamentos suficientes. Non existe almacén nin sala de delegados, nin aula para recibir aos pais e habitáculos destinados a departamentos reconvírtense en aulas de PT e AL, aula de convivencia e sala para as ANPAS.

EMPRAZAMENTO E ENTORNO XEOGRÁFICO

Atópase situado na Estrada de Santo Hadrián a dous kilómetros do cabo que leva o mesmo nome. Está afastado da vilaa uns tres kilómetros entre as aldeas de Beo e Seaia. Isto obriga a maior parte do alumnado a vir en autobús.



Temos, pois, un centro situado na zona periférica da dunha pequena vila neste momento con poucas saídas profesionais para a xente nova.

DELIMITACIÓN DA ZONA DE ACTUACIÓN. IDENTIFICACION DO CONTORNO - ESPAZO FÍSICO

O concello de Malpica de Bergantiños ten unha extensión de 61´4 Km² e está constituído por oito parroquias (Barizo, Buño, Cambre, Cerqueda, Leiloio, Malpica, Mens e Vilanova) que reúnen a 6.228 habitantes,

Está situado no noroeste da provincia da Coruña, na Comarca de Bergantiños, na mítica Costa da Morte, á beira do Océano Atlántico, co que linda na súa parte norte, e sobre o que cimenta a súa costa de Oeste a Este, desde o Monte Nariga ata a Punta de Razo, extremo occidental do areal de Baldaio (Carballo). No medio desta liña de costa, sobresa e o Cabo de Santo Hadrián, fronte ó cal se erguen as Illas Sisargas. Ao este limita co Concello de Carballo e ó sur linda co Concello de Ponteceso. Na estrada que dá acceso ao cabo de Santo Hadrián atópase o noso instituto.

NIVEL DE FORMACIÓN

Alumnos/as matriculados no ensino non universitario no curso 2017/2018.

● ALUMNOS MATRICULADOS NO ENSINO NON UNIVERSITARIO	DATO
● TOTAL	503
● Educación Infantil	114
● Educación Primaria	235
● ESO	113

(Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

ANALISE DOS SECTORES ECONOMICOS

SECTOR PRIMARIO

A centralidade da pesca de baixura ponse de manifesto ó analizar o nivel de ocupación que arrastra. A ela adícase unha cuarta parte da poboación ocupada, e gran parte da construción e dos servizos se debe ós seus efectos inducidos. Xunto a ela cabe sinalar as explotacións agropecuarias da zona que axudan a aumentar os ingresos familiares. A cabana gandeira de Malpica é destacable polo importante número de reses, tanto de bovino como de porcino. En canto ás explotacións agrarias, a pesar de ter descendido o seu número nos últimos anos, son significativas polo feito de que as súas tarefas complementáanse con outras ocupacións na pesca, construción ou no sector servizos.

A maior parte da superficie está adicada á plantación de especies arbóreas de rápido crecemento (eucaliptos e piñeiros), ocupando así o sector forestal outra fonte importante de ingresos para o Concello.

INDUSTRIA

Dentro de reducidos volumes, a industria adquire significación na rama da cerámica, onde destacan as iniciativas da zona de Buño, en total o 21,26 % dos ocupados

SECTOR TERCIARIO

En conxunto é o 32,46 % dos ocupados os que teñen unha ocupación terciaria. A accesibilidade efectiva do municipio á área coruñesa impulsou o mercado laboral da construción ó que pertence o 18,68 % da poboación ocupada.

Dentro do sector terciario destaca o sector hostaleiro, que representa a quinta parte do sector servizos. Hai que ter en conta que este é un sector eminentemente de economía familiar, e só durante a tempada de verán-

- Na PXA do vindeiro curso 2022-2023 impleméntase o plan dixital como ferramenta para a mellora e bo uso das infraestruturas das que dispoñemos e a súa actualización. Planificaranse reunións coas familias, feito que deixou de facerse por mor da COVID. E levaremos unha avaliación exhaustiva con enquisas.

1.4. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.5. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do Plan Dixital comeza cun grupo de traballo dentro do PFPP do centro.

Nel participan:

María Paz Queiruga, directora do IES e membro do equipo directivo desde hai 11 anos, que é profesora de TIC e axuda na coordinación Edixgal.

E o seguinte profesorado:

Pablo Alén Feal, Ex secretario coñecedor da infraestrutura dixital do IES e axudante na coordinación de EDIXGAL durante o seu posto como membro da dirección

Karína Aboy: Profesora de Francés nova no centro e moi interesada na formación dixital. Coñecedora de datos relevantes para a elaboración deste plan tales como necesidades infraestruturas e implicada debido ao avance dixital no que se atopa este centro e o seu profesorado.

Teresa López Cobo: Orientadora do centro cunha visión determinante e clara da implementación da tecnoloxía dixital que posúe o IES nas familias e nas familias con fillos/as con NEE. Tamén noalumnado con dificultades, atencións domiciliarias, etc. Ata agora Resolvía a avaliación mensual e trimestral para transmitir ao profesorado implicado e á dirección do IES.

Tras o comezo das reunións, seguimos as indicacións enviadas pola administración para á elaboración do plan. Para iso, primeiramente fixemos unha análise de partida a través do test SELFIE e o test CDD e con eses resultados realizamos unha DAFO. Unha vez que tivemos claro o punto no que se atopa o centro a seguinte fase consistiu en establecer os obxectivos tendo en conta a dita situación de partida. Finalmente elaboramos o actual documento.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura:

- Infraestrutura dixital do centro:

1.

- conectividade:

2. O centro pertence a Escolas conectadas

- infraestruturas de voz e de datos:

3. 8 teléfonos, un deles é centraliña.

Equipamento:

- Aulas dixitalizadas:

- 12 aulas dixitalizadas con proxector, pantalla dixital e ordenador de sobremesa.
- 1 aula de usos múltiples de nova creación. Ampliación do edificio hacia o patio por mor da pandemia tamén dixitalizada con 1 ordenador de sobremesa e 1 de edixgal.
- 1 Taller de tecnoloxía con pantalla dixital e canón. Con dous ordenadores de sobremesa.
- 1 biblioteca con canón e pantalla de proxección, 2 ordenadores de sobremesa e 4 ~~en desuso pola covid e agora pola dotación edixgal~~ para utilización dos/as usuarios/as da biblioteca. A biblioteca dispón de 12 libros dixitáis de préstamo. Unha das 12 aulas anteriores anexada á biblioteca como bibliomaker con 14 ordenadores de sobremesa para investigación e espacio fabLab, unha impresora 3D. (en desuso pola covid)
- 1 aula de plástica dixitalizada con canon e pizarra dixital, tamén con 2 ordenadores de sobremesa e impresora 3D.
- 1 aula de música dixitalizada con canón e pizarra dixital con ordenador de sobremesa.
- 1 aula tic con 14 ordenadores de sobremesa, canón en pantalla de proxección.
- 1 laboratorio dixitalizado con canón, pizarra dixital e 1 ordenador de sobremesa.
- 1 pavillón con ordenador de sobremesa, e tablet con canón con protección anti golpes para proxección en parede.
- 1 aula 1 aula PT dixitalizada con canón , pizarra dixital e ordenador de sobremesa.
- 1 aula AL con ordenador de sobremesa
- 4 departamentos con 4 ordenadores de sobremesa.
- 1 sala de profesores con canón para proxección en parede e 4 ordenadores de sobremesa all in one con webcam.
- 1 sala de reunións con 1 ordenador de sobremesa e impresora de inxección de tinta multifunción en color.
- 1 conserxería con ordenador de sobremesa **1 impresora en color e 1 en B/N ambas con conexión (unha WiFi) a todos os ordenadores do centro.**
- 1 administración con ordenador de sobremesa all in one con webcam incorporada e impresora multifunción.
- 3 despachos de dirección con 3 ordenadores de sobremesa all in one con webcam incorporada e impresoras laser en B/N.
- 1 despacho de ANPAS/recepción de pais/aula covid(durante a pandemia) cun ordenador de sobremesa e impresora d ecartuchos de tinta.
- 1 despacho de orientación con ordenador de sobremesa.
- 4 portátiles de préstamo propiedade do centro para trasladar por algún proxecto ou festividade. Tamén para proxeccións na sala de profesores durante reunións ou exposicións. Son utilizados por necesidade tanto por alumnado como por profesorado.
- 1 un portátil na sala de radio.
- 1 portátil para proxeccións na televisión da entrada do IES.
- 6 tablets do centro e de departamentos e proxectos.
- 2, cámaras de vídeo, micrófonos de solapa, 2 trípodes.
- 2 discos duros magnéticos externos para dirección e biblioteca
- 25 webcams instaladas en todos os ordenadores de sobremesa das aulas e aula TIC.
- Varios lectores de DNI e certificados dixitales.
- 2 lectores de CDs, necesarios en idiomas e en ocasións. Os novos ordenadores non traen

- 2 smartphones para dirección e comunicación coas familias nas excursións e actividades fóra do IES.
- 106 Pcs para alumnos EDIXGAL de dos modelos diferentes
- dotación de pcs para aulas edixgal e para profesorado
- **3 RACK**, un no corredor de administración, outro en aula TIC, o terceiro de ESCOLAS CONECTADAS en almacén da casa do conserxe (para evitar contaminación auditiva).

- Proxecto E-Dixgal:

- O proxecto Edixgal implántase o primeiro ano da súa convocatoria no noso centro ano **2014**, eramos xá centro ABALAR. Desde este curso 2021-2022 quedou tamén implantado en 3º e 4º de ESO en todas as materias con excepción de Inglés.
- Todas as aulas de 1º e 2º son aulas dixitalizadas edixgal. As aulas restantes teñen proxectores adquiridos en 2011 polo centro cun premio nacional para continuar co proxecto ABALAR en toda a ESO.

http://www.edu.xunta.gal/centros/iesurbanolugrismalpica/system/files/Voz_de_Galicia_19-11-11_PREMIO_MEC.pdf

- Por suposto necesitan nova dotación dixital, tanto de pantallas como de proxectores, ambos obsoletos e de peor calidade que a dotación da administración.
- Así mesmo ten dotación edixgal a aula de usos múltiples que se crea coa ampliación do centro este ano.

- Equipos de xestión e administración:

- Uso na biblioteca:

- Equipos para uso nas salas de profesorado:

- Departamentos:

- Equipos ultraportátiles para aula móbil:

- Aulas de informática:

- Dotacións para proxectos específicos:

Servizos dixitais educativos:

- Servizos corporativos:

- O centro utilizou **agueiro** no equipo directivo a nivel persoal dos membros da dirección e a nivel do centro, pero xa non. A aplicación é moi incómoda e lenta, hai que ir arquivo á arquivo, non sube carpetas.
- Utilizamos **aulas virtuais** varios departamentos cando so había edixgal en 1º e 2º da ESO para que os alumnos seguisen usando as mesmas ferramentas en 3º e 4º. Este ano foi unha transición de aula virtual a edixgal nalgúns departamentos.

Departamentos como Inglés seguen a usala ao no pertencer a EDIXGAL.

- **ABALAR MÓBIL**, totalmente estendido desde a súa implantación como medio de comunicación coas familias.
- **Páxina web**, convertido nun elemento máis estático onde se atopa a información fiable e as novidades educativas. Inclúe acceso a tres **blogs** moi activos, da biblioteca, club de ciencias e Malpica games de educación física.

A web tamén dispón acceso ás **redes sociais** que amosan actividades do centro e o desenvolvemento dos proxectos que se levan a cabo no IES.

- Servizos non corporativos:

- **Sixa.**
- **Instagram, Twiter e FacebookK.**
- **Whatsap**, nas excursións e saídas do centro co alumnado e familias.É pouco habitual.
- A dirección, as veces profesores en grupos de traballo ou proxectos e orientación cos titores, comparten ademáis por **drive de gmail**, traballos como follas de cálculo para obtención da nota das competencias, para elección de preferencias horarias, para proxectos interdisciplinares,tamén traballos da RADIO do centro, etc.
- No departamento de Inglés utilizan **libros virtuais** dunha editorial hai máis de 5 anos.
- Antes deste curso algúns departamentos usaron **google suite** en lugar de aulas virtuais.

Xestión do mantemento do equipamento do centro:

- Coordinador TIC do centro, directora(profesora de TIC), e empresas contratadas se é necesario para un ou dous mantementos anuais.

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC (Plan de continxencia, por exemplo):

- http://www.edu.xunta.gal/centros/iesurbanolugrismalpica/system/files/Plan_continxencia_con_plan_de_actuación_e_anexo_I_Curso_21-22.pdf
- http://www.edu.xunta.gal/centros/iesurbanolugrismalpica/system/files/MATRÍCULA_1ºESO_22-23.pdf

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Incluída a información do resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3,8			
	Profesorado		3,1			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		4,1			
	Profesorado		3			
	Alumnado		3			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		4,1			
	Profesorado		3,5			
	Alumnado		3,8			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4,3			
	Profesorado		3,1			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4,3			
	Profesorado		4,6			
	Alumnado		4,1			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,9			
	Profesorado		4,1			
	Alumnado		3,3			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3,5			
	Profesorado		3,5			
	Alumnado		2,9			
H- Competencias dixitais do	Equipo Direct.		4,2			

alumnado	Profesorado		3			
	Alumnado		3,4			

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	8	18	44,4%
PROVISIONAL	1	2	50%
INTERINO	2	4	50%
SUBSTITUTO	1	5	20%
DESPRAZADO	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
89,5	Integrador/a(B1)	76,4	Integrador/a(B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	89,5	Integrador/a(B1)	79,2	Integrador/a(B1)
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	4	30,8%
B1	5	38,5%
B2	2	15,4%
C1	1	7,7%
C2	1	7,7%
TOTAL	13	100,1%

Outras fontes: Seguironse as programacións e memorias das Programacións TIC do Centro recollidas en PXAS de anos anteriores.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. No noso Centro a infraestrutura dixital respalda a ensinanza e o aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 2. O profesorado e o equipo directivo contan con dispositivos dixitais que poden usar na súa labor docente. 3. Dispoñemos de asistencia técnica cando surden problemas coas tecnoloxías dixitais. 4. No noso centro contamos con sistemas de protección de datos. 5. Contamos con dispositivos dixitais que son propiedade do centro e que o alumno pode levar a casa cando sexa necesario. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. No noso centro, as veces (poucas), falla o acceso a internet . 2. Necesidade dun plan para axudar ao profesorado con tecnoloxía asistencial para afrontar desafíos relacionados coa aprendizaxe de alumnado con NEAE.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. O profesorado do centro, pola súa gran maioría, busca recursos en liña. O equipo directivo tamén ten unha busca activa de recursos en liña. Isto revela un compromiso firme do profesorado do IES Urbano de Lugrís de Malpica cas novas tecnoloxías. 2. O equipo docente busca e utiliza recursos dixitais no centro o que implica que as novas tecnoloxías son parte integrante da actividade docente e tamén que as nosas ferramentas: wifi do centro, ferramentas dixitais funcionan con moita eficiencia. 3. O profesorado emprega para ás súas clases os contornos virtuais. Un punto moi positivo é que o noso alumnado valora positivamente de que se empregan os contornos virtuais nas aulas. 4. O profesorado e o equipo directivo empregan as tecnoloxías dixitais e isto favorece que o alumnado sexa máis colaborativo e traballen en grupo no seo do grupo-clase segundo o persoal docente. 5. O profesorado e o equipo directivo utilizan de forma continuada recursos educativos abertos que son materiais didácticos, de aprendizaxe ou investigación que se atopan no dominio público ou que se publican con licenzas de propiedade intelectual que facilitan o seu uso, adaptación e distribución gratuítos. Isto é un punto moi positivo do noso centro. Hai un uso xeral da plataforma dixital E-Dixgal, por exemplo. 6. O equipo docente durante o proceso avaliativo analiza capacidades desenvoltas tanto dentro como fora do centro. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existe unha certa discordancia entre o alumnado e a valoración do equipo docente na adaptación das necesidades do alumnado. Este feito pode revelar que o manexo das novas tecnoloxías non é ten evidente e que hai que traballar máis o seu uso co alumnado e para iso necesítase poder adicarlle máis tempo dentro dos diferentes currículos, de forma interdisciplinar. 2. O alumnado valora de feito un pouco menos positivo que as novas tecnoloxías promoven a creatividade, mentres que o profesorado valóranos de xeito moi positivo. 3. O alumnado non considera do mesmo xeito de que as tecnoloxías dixitais favorecen o traballo en grupo: isto é un punto que se debe analizar e quizais haxa que escoller as ferramentas adecuadas dentro do contorno virtual que favorecen dita colaboración. 4. O equipo directivo e o alumnado consideran de forma menos positiva o feito de que as tecnoloxías dixitais contribúen a potenciar os proxectos interdisciplinares. Faltan tempo e tamén medios. 5. O alumnado considera que durante o proceso de ensinanza aprendizaxe o profesorado debe empregar máis datos, comentarios e retroalimentación para ter máis información de como é o seu aprendizaxe durante os trimestres do curso.
	PERSOAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. O persoal non docente non contestou as preguntas do selfie. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. O persoal non docente non contestou as preguntas do selfie.
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Cada alumno/a participa na plataforma E-Dixgal e pode utilizar un ordenador propio que facilita a súa aprendizaxe. 2. En todas as aulas hai unha pantalla dixital, unha webcam que permite retransmitir as clases para o alumnado confinado, por exemplo. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Dificultade para resolver problemas técnicos dixitais. 2. Dificultades cando o alumnado non posúe no seu domicilio unha rede wifi, ou ben que esta pertence a rede rural con datos insuficientes para baixar ca velocidade adecuada os contidos requeridos. 3. Alumnado que non trae o seu equipo cargado ou

		ben se esquece del.
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Familias que non poden ter acceso á rede, no seu domicilio. 2. Familias que descoñecen o funcionamento das plataformas dixitais, dos programas e de todas as ferramentas ofrecidas polas novas tecnoloxías e non participan ás reunións ofrecidas polo centro.
	OFERTA	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1. O centro emprega numerosos recursos na avaliación dixital. 2. O centro xestiona toda a información de xeito dixitalizado, pax web, abalar móbil e co alumnado a traves de Edixgal e nunha das materiaas de idiomas a traves da aula virtual 3. O centro leva a cabo todos os anos PFPP bianuais nos que o profesorado fórmase nas tecnoloxías aque temos á nosa disposición, comparte información e implementa o aprendido nas aulas. Todo o claustro traballou dous anos nunha folia de cálculo para avaliar as competencias e sigue a facelo xa que debe ser actualizada todos os anos. Durante outro curso todo o profesorado participou nun grupo de traballo dedicado a facilitar o uso das aulas virtuais polo alumnado, basándonos nunha estrutura similar en todas as materias para o acceso aos contidos polo alumnado. 4. O centro leva anos desenvolvendo contratos programa da Consellería e grupos de traballo para a correcta xestión dixital da documentación. 5. Xestiona espazos de traballo dixitalmente ben constituídos para que todo o profesorado traballe varias destrezas e materias co alumnado. Hai anos que neste centro varias materias non utilizan libro de texto para que o alumnado traballara como o viña facendo en edixgal nos cursos de 1º e 2º de ESO. O centro sempre dispoñía de ordenadores de préstamo para levar a cabo esta tarefa nos cursos onde non había edixgal

	EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> 1- O noso centro ten dispositivos dixitais do centro 2- O centro ten espazos adaptados para implementar todas a tecnoloxías dixitais 3- O centro ten material dixital de prestamo para alumnado e profesorado, aínda que todo o centro (ESO) participa no plan edixgal. 4- Estamos en escolas conectadas e a nosa red é bastante boa. 5- Temos medidas para solventar dificultades que xorden polo baixo nivel socioeconómico e intelectual dos alumnos/as e as familias. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Non todo o profesorado dispón dos coñecementos suficientes para tratar correctamente os dereitos de autor e licenzas 2. Se necesita manter a infraestrutura dixital actualizada e con bo funcionamento. Hai carencias económicas para o que pretende a Administración. 3. O profesorado con coñecementos non é especialista en asistencia técnica e a Administración se encarga de que non se dispoña de tempo, impondo excesivas cargas lectivas e incorporando o mínimo persoal para as clases.
	LEXISLACIÓN		<ol style="list-style-type: none"> 1. Non todo o profesorado ten noicións suficientes sobre os dereitos de ator e licenzas

CONTORNA	1. A biblioteca do concello ten repositorios en liña. 2. A nosa biblioteca ten libros dixitáis de préstamo	1. A biblioteca debería ter máis información e materiais dixitáis
ANPA		
OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO:

A partir das fortalezas e necesidades se establecen prioridades alcanzables para dar comezo este ano co PLAN. Os obxectivos serán específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a o marco temporal que queremos conseguir. Estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Para cada obxectivo cumprimentaremos unha táboa que recolle:

- Ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.
- A determinación das accións para conseguir cada obxectivo, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporización e determinar os recursos necesarios.

A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan .

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Neste momento o centro dispón de infraestruturas tecnolóxicas suficientes para acometer o plan pero non todas en bo estado.

E necesaria a substitución das pizarras dixitais das aulas que foron mercadas polo centro cun premio recibido polo traballo en equipo dos docentes, xa que están obsoletas fronte as que está incorporando AMTEGA ás aulas. Incluindo proxectores.

Sería tamén necesario unha dotación para profesorado de portátiles cunhas características axeitadas ao traballo que neste centro se realiza. Somos centro pioneiro no uso de portátiles ABALAR e tamén EDIXGAL e os do profesorado están obsoletos. Hai queixas entre o profesorado e uso de portátiles persoais con sistemas operativos non recomendados pola administración.

Aínda queda algunha aula específica sen pizarra dixital, como a aula tic na que se necesitaría nalgunhas ocasións na que a proxección non é suficiente. Neste momento hai unha pizarra branca.

As próximas solicitudes a AMPTEGA, avanzarían por ahí nos vindeiros cursos.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": C. INFRASTRUCTURA E EQUIPOS (C2 y C8)						
1. OBXECTIVO (1):	Promover o coñecemento do uso da ferramenta edixgal por parte dos pais,nais e os titores legais do alumnado da ESO.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de participantes					
Valor de partida (3)	0% dos pais, nais e os titores legais do alumnado da ESO.					
Valor previsto e data (4)	5% dos pais, nais e os titores legais do alumnado da ESO.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear un grupo de traballo para levar a cabo a formación ás familias en Edixgal.	Equipo directivo	1/10/2022	Equipos informáticos e aula.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Reunión do grupo de traballo para decidir contidos da formación.	Grupo de traballo	1/10/2022	Equipos informáticos e aula.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Enviar información as familias para a sesión formativa.	Coordinador/a TIC.	1/11/2022	Páxina Web		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Crear un grupo de traballo para levar a cabo a formación ás familias en Edixgal.	Equipo directivo	1/10/2022	Equipos informáticos e aula.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO1.5: Reunión do grupo de traballo para decidir contidos da formación.	Grupo de traballo	1/10/2022	Equipos informáticos e aula.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: C. INFRASTRUCTURA E EQUIPOS					
OBXECTIVO 2: (1)	Actualizar os dispositivos dixitais, dos Departamentos .				Acadado
Responsable:	Coordinador TIC.				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de Equipos con hardware anterior a 2014 actualizados.				
Valor de partida: (3)	80%				
Valor previsto e data: (4)	100%			20-06-2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO2.1:Determinar as necesidades dos Equipos de cada Departamento.	Coordinador/a TIC	01-11-2022	Equipo.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2:Solicitar e instalar Discos duros Sólidos para ampliación da memoria RAM dos Equipos.	Coordinador/a TIC	15-12-2022	Persoal cualificado da Xunta		Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": A. Liderado (A1) / E. Pedagogía: apoios e recursos (E4)						
OBXECTIVO 3: (3)	Familiarizar e iniciar a familias coa xestión de traballos de Recursos Electrónicos (Sede Electrónica, Tramitación de Documentos en Línea...)				Acadado	
Responsable:	Departamento de Orientación.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de participantes					
Valor de partida: (3)	0%					
Valor previsto e data: (4)	5%			30-06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Preparar o material necesario para levar a cabo a boa formación.	Xefa de Orientación.	30-11-2022	Páxina Web: Materiais Visuais explicativos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Dominar a Aplicación da Chave 365 e Sede Electrónica e facer os trámites necesarios nunha reunión presencial.	Xefa de Orientación	30-06-2023	Aula tic e Pantalla Dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Elaborar un documento para trasladar ás familias coa información máis relevante da formación.	Xefa de orientación	19-12-2022	Páxina Web		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO3.4: Elaborar ou atopar na Web videotutoriais de como usar chave 365, Sede electrónica e colgalos na plataforma corporativa para trasladar ás Familias.	Xefa de orientación	30-06-2023	Páxina Web		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: B. Colaboración e redes (B3/B4)							
OBXECTIVO 4 (1)	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital.					Acadado	
Responsable:	Xefa de Departamento de Orientación					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de colaboración con outras entidades.						
Valor de partida: (3)	0 colaboracións.						
Valor previsto e data: (4)	2 colaboracións (charlas).				30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO4.1:Solicitar as charlas do PLAN DIRECTOR, da Garda Civil E Policía Nacional sobre “Os perigos do mal uso das novas tecnoloxías”	Xefa do Departamento de Orientación.	31-12-2022	Páxina Web		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

AO4.2.Contactar coa Entidade para a realización da charla.	Xefa do Departamento	31-03-2023.	Teléfono, mail.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: B. Colaboración e redes (B3/B4)							
OBXECTIVO 5: (1)	Favorecer el intercambio de experiencias , no contexto da transformación dixital dos Centros, tanto entre profesorado do propio Centro como doutros Centros de similares características.				Acadado		
Responsable:	Dirección				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de experiencias que se intercambiaron durante o curso.						
Valor de partida: (3)	0 Experiencias intercambiadas durante o curso 2021-22						
Valor previsto e data: (4)	2 Experiencias intercambiadas durante o curso 2022-23			20-05-2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO5.1:Organizar intercambio de experiencia entre profesorado do Centro.	Dirección.	20-05-2023	On-line			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO5.2:Pescudar experiencias que se están a levar a cabo noutros Centros.	Dirección.	30-11-2022	On-line			Realizada	
						Aprazada	

					Pendente	
AO5.3:Organizar/ participar / divulgar intercambios de experiencias de profesorado doutros Centros.	Dirección.	20-05-2023	Aula presencial ,pizarra dixital.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital do centro formará parte do PEC substituíndo á Programación TIC.

Estará publicado na web do IES e así como todos os documentos que forman parte do PEC será de libre uso e para a utilización de toda a comunidade educativa.